

«Chovía como en Pimentel (dentro)», parafraseando o poeta, e fomos acollidos na Avenida das Camelias por Xosé Luís Méndez Ferrín, que se referiu ao seu vencello emocional con Vigo «desde a infancia», e xentilmente nos deu permiso para escolmar estes catro poemas rosalianos, que reproducimos seguindo a edición de Anxo Angueira (Xosé Luís Méndez Ferrín. *Poesía reunida*, Xerais, 2024). Tres deles («Buscalque», «En las orillas del Sar» e «Miñas casiña, meu lar») pertencen ao libro *Estirpe* e sobre o segundo o profesor Xosé Manuel Salgado escribiu unhas palabras que, pola súa fondura, permiten adentrarnos nos catro: «un dos aspectos temáticos máis interesantes da poética ferriniana [está] centrado arredor do pasado, dun mundo xa devorado por outro tempo onde acougan as lembranzas, as gratas e as que fan dano e que convertidas en poesía, trazan o mapa interior, os lindeiros infranqueables do que o tempo fixo nunha vida» (Xosé Manuel Salgado. «Cando a poesía é vida. *En las orillas del Sar* de X. L. Méndez Ferrín, Madrygal 9, 2006: 117).

«De Pondal escribín tecnicamente», evocou Ferrín naquela mañá chuviosa de xaneiro. «Se aparecese por aquí mesmo poderíamos tomar unha cunca de viño». Tamén con Curros, proseguiu, sería posible certa fraternidade, «de pertenza ao mesmo ateneo ou á mesma loxia masónica». Mais ante Rosalía, concluíu, «sempre sentín respecto». Con ese mesmo respecto, a Rosalía e a Ferrín, presentamos estes poemas que, no 50 aniversario da Facultade de Filoloxía, conmemoran asemade o aniversario do nacemento da autora.

FERNANDO CABO ASEGUINOLAZA e
MARÍA DO CEBREIRO RÁBADE VILLAR,
responsables da Cátedra Rosalía de Castro da USC,
en Santiago de Compostela, a 23 de febreiro de 2025.

II. «En las orillas del Sar»

Foron
morrendo os soños, as cocañas, as espermas e o arroz con leite,
as estreladas noites de horror e de presaxio, o lume xcado,
Derry republicano e os canóns do Sil, xogo
de chave en Teis e na Rabaza. Por veces puñase tensa
Marie-Claire por culpa daquel mistral. Eramos poucos por entón
e odiabamos toda clas de sports:
papai chegando pola estrada vella con xornais baixo o brazo
e un aceno de reproche pra min na vista vidrada en negro.
As adas de ben ser e niño morto acochado no follato da ledicia
cáseque non duraron.
Cáseque non duraron porque se non trataba precisamente
de rosas blindadas,
e marcharon pró inferno no fardel dos tesourinhos
xunto coa pedra do raio ou desexo que antano me acudia.
Chorimas, codeseira, alquitrén, mascatos,
plumas estilográficas, cabalos, un disparo no ventre do Berbés,
mel traidor nos beizos. Maldita mocidade, que fas,
mocidade, que non paras de mexerte no fondo do sepulcro?
Só permanece o ourizo das saudades
espiñándose o peito de cadora
mientras grazanan los cuervos.

I. Buscalque

A vaca pisca é astral.
Tu, mazaira.
Astral, a muller gorda.
Sempre, dotada de alcuza.
Escumar escuman as cepas da ponte vella.
Ven, amor, traizóame. Dame Cornoalla, adeus.
A alcuza deita aceite da casa sobre o polbo,
carnes de nanai millo e renazo en Bretoña.
Daquela, considerando a fin dos seus días,
Don Estêrco sereou as pócimas.
Liliana situouse no seu sitio, non.
Baba, azul, es alta.
Tu, mazaira.
Imos á ponte
vella, compensar o devalar do río.
Es suma, alitero, desfago, destrúeme.
Por que os cabalos xa non me obedecen?
A fin da vida.
A ponte vella, onde agurgullan augas
de fin de vida.
Isto que vos ofrezo é a fin dos días.
Palabras de Liliana,
insigne fño.
Adeus vida, adeus ríos, adeus fontes.
A muller gorda con alcuza en Buscalque.
O seu cabelo baixo as augas en Buscalque.
Os canastros, os canastros...

Poemas



a Rosalía

X. L. Méndez Ferrín

III. Miña casiña, meu lar

Falan os labregos desposuídos, pola forza
das armas e da xustiza españolas, das terras
que traballaran e da casa na que naceran
eles e os seus antepasados, en Larín (Arteixo)
1991.

Miña casiña, meu lar
ai Dios Mío!

Castiñeiros de meu avó coma abadías
suntuosas do outono
ai Dios Mío!

Non hai xustiza
ai Dios Mío!

Os días tépedos de apañar minúsculas cousiñas
na amenidade do lameiro
ai Dios Mío!

Margaridas e chorimas de paixón e cobiza
ai Dios Mío!

Figueiriñas que prantei, regatos pequenos do corazón,
os meus ollos eran fontes
ai Dios Mío!

Chora o tractor, chora a ouralita,
choran as vacas suízas, a colleitadora e mailo carro
de rodas de ferro
ai Dios Mío!

A cópula de inverno en sabas de liño molladas
dos meus ancestros, eiquí tivera lugar
ai Dios Mío!

Bótannos contra o mundo e xa non temos cobexo
ai Dios Mío!

A lareira, o piso de baldosa, o cemento da eira
a cociña Bilbao, a neveira, o canastro
ai Dios Mío!

A señorita de Pontevedra botounos aos camiños,
os gardas mallaron en nós outros
ai Dios Mío!

A señorita quitoume a casa e as cortes,
a eira e o eixido onde me eu criei
ai Dios Mío!

Os meniños choraban e eu quixen erguer
unha escada de luz deica o Ceo,
pre fuxir ao sitio onde todo é ben ser e paz
ai Dios Mío!

Pro bateron en min e só poiden virar cara o Ceo
o puño fechado
do labrego sen terra de Luíntra e Connemara
ai Dios Mío!

Imperializáronnos ardentemente polo cu
pois seica que no agro sóbralles moita xente
ai Dios Mío!

A de Dios, que Castelao nunca nos debuxara a faciana de escravos
do feroz terratenente galego:
onde estabas, onde estabas Ramón Cabanillas?
ai Dios Mío!

Probes dos probes
ai Dios Mío!

Ai de min e doutro
ai Dios Mío!

Estamos perdidiños
ai Dios Mío!

Ai prado de Armamá, curtiñas de Su a Braña,
veiguiñas de Fraxilde, hortiñas que quero tanto,
souto de Val de Corvos, tomada das Mamoelas
ai Dios Mío!

Ai filloeira de pedra, arca coas iniciais,
chinero do comedor, cómoda da limpeza,
armarios dos papais,
cuarto de baño que eu puxera esoutro ano
ai Dios Mío!

Ai as sombras dos defuntos, os ecos nos faiados,
as nésporas no pulpo, unha faixa nova pra botar na romería
Ai Dios Mío!

Ai as mozas de antano que se chamaban Delsidia,
os homes Celso, os mozotes Fuco,
os sorridentes Tíos Anigundo dos contos
Ai Dios Mío!

Choraron as ouralitas, choraron as marelas, as ratinas
e as charolesas,
as galiñas e o galo pedrés,
e chorou a colleitadora e a motoserra,
e púxolle compás ao pranto
o John Deere alugado co Renault 11 de noso
pola porla e polo piche dos camiños da freguesía;
chorou o can que de palleiro é coma nós outros somos
homes e mulleres de palleiro
Ai Dios Mío!

E deixáronnos por portas, Señores,
ai Dios Mío!

Ninguén volveu por nós outros, Señores
ai Dios Mío!

que, por se fose pouco,
a Garda Civil voou con dinamita a nosa casa
que resultaba sendo da señorita de Pontevedra, Señores
ai Dios Mío!

Alma, como no concerto de Vivaldi cun violino principale
ed altro violino per eco
ai Dios Mío!

Que maldito sexa o día en que fomos nados
nesta terra de lobos e de poetas mortos
ai Dios Mío!
ai Dios Mío!
ai Dios Mío!

IV. Laio de morte por Rosalía, no Padrón

Vexo un paxaro mouro de silencio
a correr coma un río ao meu alcontro.
E sinto horror da morte túa.

Ouzo os violíns purísimos na estancia
onde os marfíns acadan ton antergo.
E sinto horror da morte túa.

Sen fixeza, esmaiada e esvaída
esténdese unha néboa de nostalgia.
E sinto horror da morte túa.

De novo, todo o piano sen espranza
verque en min a túa tebra intensa.
E sinto horror da morte túa.

Xa me pillou o monstro impenitente
da sombra que soltaches polo mundo!
E sinto horror da morte túa.

A lúa no Padrón é prata escura,
a lúa insomne traime a morte túa.
E sinto horror da morte túa.

Vexo na túa boca, en espantoso
sorriso natural, a morte túa!